


fotos da xente

A Asociación Fotográfica Posición B da Coruña presenta a exposición Fotos da Xente. A xente pódese retratar na rúa, no estudo de fotografía ou de moitos xeitos. Cada un dos fotógrafos que aquí mostran as súas fotos ten unha visión particular da xente diante da cámara. Polo noso plató pasan continuamente persoas dispostas a ser «inmortalizadas» baixo os nosos flashes, pero non todos resultan «flasheados».

Fotografías de: *Ramón J. Iribarnegaray, Begoña Pastoriza, Eduardo Castro Bal e Luís Ramírez*

Asociación Fotográfica Posición B, A Coruña, do 11 ao 25 de novembro



Eduardo Castro Bal. Pontevedra, 1956

Profesor de fotografía. Traballou durante sete anos como fotógrafo de prensa. É membro de Posición B da Coruña dende a súa fundación e do colectivo de fotografía Ollo de Vidro da A.C. Alexandre Bóveda da Coruña. As súas actividades son fotografía de publicidade, estudio, arquitectura, decoración e reportaxes.

«Tarkovsky»



Ramón J. Iribarnegaray Saburido

Realizou estudos na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Maestre Mateo de Santiago e de pintura con Pedro Bueno (A Coruña). Acadou premios no Certame Debuxo Artístico «Cidade de Santiago de Compostela» (1º premio, 1962), VII Certame Fotográfico de Bergantiños (3º premio, 1984), I Certame de pintura «Olladas de Galicia» (3º premio, 2007). Ten realizado exposicións e participado en numerosos certames de pintura e fotografía, e participou con obra fotográfica na X Feira das Artes Plásticas (Xardíns Méndez Núñez, A Coruña, 2011). Participa na Asociación de Fotografía Posición B e na Asociación de Artistas Plásticos Galegos (A.R.G.A.).

Un grego en Grecia